

Referencia:	2020/28706H
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos generales de la DPO
<b>NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (493)</b>	

**Juan Marquina Fuentes**, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,  
**CERTIFICO:**

Que o Pleno da Deputación Provincial, en sesión realizada o 27 de novembro de 2020,  
adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria número 7/2020 de  
suplemento de crédito e das bases de execución dos orzamentos para 2020 financiado con  
remanente líquido de tesourería para gastos xerais, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/462.00	Cooperación provincial. A concellos	50.000,00 €
450.12/762.01	Corporación porvincial. A concellos subvencións	23.500.00 €
<b>Total SC.</b>		<b>73.500,00 €</b>

**RESUMO**

Suma suplementos de crédito .....	<b>73.500,00 €</b>
Total .....	<b>73.500,00 €</b>

**RECURSOS UTILIZADOS**

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>73.500,00 €</b>
--	--------------------

2º.- Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense é necesario concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ve modificado neste expediente, polo que se procede á especificación dos beneficiarios, da finalidade e dos importes destas subvencións nominativas, para as que é necesario un suplemento de crédito debido a que o gasto non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/489.18** “Desenvolvemento empresarial. Outras T.P. Apoio empresarial”, por importe de 200.000 euros, concrétase o beneficiario e o obxecto da subvención, co seguinte detalle:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe €</b>
Fundación Galicia Obra Social (A Fundación)	Gastos de reparación, mantemento e vixilancia dos exercicios 2019 e 2020	200.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.00** “Cooperación provincial . A concellos”,

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe €</b>
Concello de Piñor	Programa de prevención de incendios e limpeza de marxes das estradas	50.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01** “Cooperación provincial . A concellos subvencións”,

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe €</b>
Concello de Beariz	Humanización da rúa no lugar Alvite	23.500,00 €

3º.- Baseándose no previsto no artigo 33.1 c) da Lei 7/1985 LBRL e no art. 70.1 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais é competencia do pleno das deputacións provinciais a aprobación e modificación dos orzamentos, nos cales se atopan incluídas as súas bases de execución, de acordo co disposto no artigo 165 do RD Lex. 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Para que conste, e ao abeiro do disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expido a presente certificación, co visto e praxe da Presidencia